



**RESOLUCIÓN de 22 de setembro de 2017, da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa, pola que se establece con carácter experimental o programa de innovación educativa «OBSERVA\_ACCIÓN» durante o curso escolar 2017-18**

A Lei orgánica 2/2006, de educación, do 3 de maio, no seu título III, capítulos III e IV, referidos á formación e ao recoñecemento, apoio e valoración do profesorado, e nos artigos 102, 103 e 105, establece que a formación permanente constitúe un dereito e unha obriga de todo o profesorado e unha responsabilidade das administracións educativas e dos propios centros. Así mesmo, establece que as administracións educativas planificarán as actividades de formación do profesorado, garantirán unha oferta diversificada e gratuita e promoverán as medidas oportunas para favorecer a participación do profesorado nelas. O Decreto 74/2011, do 14 de abril, polo que se regula a formación permanente do profesorado que imparte as ensinanzas establecidas na Lei orgánica de educación (LOE), en centros educativos sostidos con fondos públicos da Comunidade Autónoma de Galicia, pon de manifesto entre outros aspectos, que a Rede de Formación será a responsable da organización e funcionamento da formación permanente do profesorado dos centros da Comunidade Autónoma de Galicia sustentados con fondos públicos.

A Consellería de Cultura Educación e Ordenación Universitaria da Xunta de Galicia (en diante CCEO), estableceu desde Maio 2015 o seu Modelo de Competencias Profesionais Docentes, no que se recollen todos os ámbitos nos que a docencia de excelencia deberá basear a súa práctica e que se converten polo tanto en liñas prioritarias de formación nesta Comunidade.

A Consellería de Cultura Educación e Ordenación Universitaria da Xunta de Galicia, no marco do acordo interterritorial de colaboración coa comunidade de Castilla y León a través da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa e en colaboración coa Dirección General de Innovación y Equidad Educativa da Consejería de Educación de la Junta de Castilla y León desenvolveu o programa piloto «Observa-acción: Formación para el desarrollo profesional docente a través de la observación, el intercambio y la formación en la acción educativa» durante o curso 2016-2017.

Dada a experiencia positiva do devandito proxecto, neste momento considérase pertinente establecer o programa experimental cun desenvolvemento no que se traballen as



Competencias Profesionais Docentes recollidas no Modelo da CCEOUI, mediante actuacións formativas, a través da observación, da avaliación e da autorreflexión sobre a práctica docente.

En consecuencia:

**RESOLVO**

Primeiro. *Obxecto e finalidade.*

1. A presente resolución ten por obxecto establecer con carácter experimental o programa de innovación educativa «OBSERVA\_ACCIÓN: Innovación docente desde a observación, a avaliación e o intercambio entre iguais», durante o curso escolar 2017- 2018.
2. Este programa ten como finalidade fomentar o desenvolvemento profesional en base ao Marco de Competencias Profesionais Docentes, poñendo énfase nas que se refiren ao liderado e xestión de centros

Segundo. *Obxectivos do programa.*

Os obxectivos do programa son os seguintes:

- a) Experimentar novas vías de formación do profesorado e favorecer a innovación educativa entre os docentes e os centros educativos de Galicia, así como con outros centros doutras Comunidades Autónomas e doutros países socios en proxectos internacionais.
- b) Facilitar ao profesorado e aos membros dos equipos directivos a posibilidade de observar de forma directa outras metodoloxías e enfoques didácticos nos procesos de ensino-aprendizaxe dos alumnos, outras formas de relación e comunicación, outras vías de xestión dos recursos propios e alleos ao centro, fomentando a adaptación e a aplicación activa do aprendido na súa praxe diaria.
- c) Fomentar o traballo en equipo de grupos de profesores cun interese común incluíndo a observación activa da práctica docente de todos os seus membros, o intercambio de boas prácticas, a reflexión, a formación metodolóxica sobre aspectos innovadores nos procesos organizativos e didácticos e a realización de proxectos de forma conxunta.
- d) Potenciar o traballo conxunto entre os centros educativos con proxectos comúns e compartidos, establecendo irmandades entre centros, fomentando a reflexión e acción en



aspectos organizativos, metodológicos e formativos innovadores para ofrecer unha formación de calidade en beneficio do seu alumnado.

e) Deseñar e aplicar protocolos de observación de práctica docente e potenciar accións metodológicas innovadoras para a mellora dos procesos de aprendizaxe dos alumnos.

f) Favorecer a internacionalización dos centros educativos, abrindo as súas portas a proxectos transfronteirizos, tanto no Estado Español coma fóra del, fomentando a integración reflexiva e contextualizada de innovacións educativas na súa propia práctica docente.

g) Tecer redes de intercambio tanto entre docentes como entre equipos directivos de centros educativos con proxectos comúns e diversos que fomenten o apoio mutuo e a cooperación permanente.

Terceiro. *Destinatarios do programa, axentes e liñas de actuación.*

1. O programa vai dirixido a centros educativos públicos que impartan ensinanzas de primaria ou secundaria, que participarán no programa en asociacións de centros. De cada centro, participará neste programa de innovación un membro do equipo directivo e un máximo de 5 profesores.

2. En cada centro estableceranse automaticamente dúas modalidades de observación paralelas que serán desenvolvidas por dous axentes diferentes:

- O director/a responsable, que poderá delegar noutro membro do equipo directivo, cooperará cos responsables dos equipos directivos dos centros irmados en observación relativa a competencias para o liderado, xestión de recursos propios e alleos e estratexias comunicativas e colaborativas
- O grupo docente cooperará con docentes dos centros irmados en observación relativa ás Competencias Profesionais Docentes nas que fose detectada unha necesidade específica de formación dentro das seguintes modalidades:
  - a) **“Innova\_Acción”**: Competencias, formación e innovación e educador e guía, novas propostas didácticas, metodológicas e de avaliación.
  - b) **“Comunica\_Acción”**: A competencia comunicativa e plurilingüismo.



- c) “Dixitaliza\_Acción”: Propostas didácticas, metodolóxicas e de avaliación sobre competencia dixital e STEM.

Só é posible participar por unha das tres liñas temáticas propostas.

Cuarto. *Selección de centros educativos.*

1. Será preciso presentar un breve proxecto segundo se indica no Anexo I no que se recollan:

- Introdución descriptiva do contexto do centro
- Xustificación da solicitude en función da detección de necesidades implementada segundo o Modelo de Competencias Profesionais Docentes da CCEOУ e cujas ferramentas aparecen publicadas na páxina do Centro Autonómico de Formación e Innovación na ligazón <http://www.edu.xunta.gal/portal/cafi>
- Obxectivos competenciais para a liña directiva e para a liña docente
- Procedemento de avaliación interna do desenvolvemento do programa, especificando os indicadores de logro vencellados aos obxectivos propostos.
- Relación de participantes especificando especialidade, materia e cargo se fose o caso

2. Terán preferencia para participar:

- Aqueles centros premiados na Convocatoria dos Premios a Proxectos de Formación Permanente do Profesorado dirixidos aos centros docentes que participan nos plans de formación permanente do profesorado implantados en centros educativos públicos. 1 punto
- Aqueles centros que desenvolvan ou desenvolvesen un PFPP de calquera temática. 0,5 puntos.
- Aqueles centros que desenvolven ou desenvolvesen un proxecto europeo: PAP, Erasmus +, eTwinning. 1 punto.



- Aqueles centros que desenvolven ou desenvolvesen un proxecto de innovación. 1 punto.
- Aqueles centros participantes nos programas Proxecta, Educación Responsable , PITEAS ou outros que poidan ser considerados de interese. 1 punto.
- Aqueles centros que contan con certificación de calidade. 1 punto.
- Aqueles centros que desenvolvan ou desenvolvesen proxectos formativos (PFPP, GT, S, proxectos de centro...) relacionados coa temática de calquera das tres liñas ofertadas neste programa. 1 punto por proxecto
- Para solicitudes na liña “**Comunica\_Acción**”: Aqueles centros con unidades bilingües ou centros plurilingües. 1 punto
- Para solicitudes na liña “**Dixitaliza\_Acción**”: Aqueles centros inseridos nos programas Abalar, e-Dixgal ou que levan a cabo proxectos en competencias STEM. 1 punto

Requirirase a achega de documentación xustificativa só en caso de non conformidade coa baremación automática de cada apartado.

3. O número máximo de centros participantes será de doce, dous de primaria e dous de secundaria por cada modalidade.
4. Un máximo de seis centros participarán na fase interrexional.
5. Será posible acceder a unha fase internacional posterior de visita a centros de referencia no espazo europeo.
6. O Centro Autonómico de Formación e Innovación fará o seguimento e apoiará o desenvolvemento do programa, indicando en cada fase os pasos a seguir para acceder á fase seguinte.

#### *Quinto. Desenvolvemento do programa.*

O programa desenvolverase ao longo dos cursos 2017-2019, de acordo co contido e estrutura determinados no Anexo III desta resolución. Unha vez resolta a selección de participantes, a Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa facilitará a través do Centro Autonómico de Formación e Innovación instrucións



específicas e distribuirá as ferramentas precisas para desenvolver tanto a fase de formación como a fase de observación e avaliação do programa.

A xestión, seguimento e asesoría dos proxectos e intercambios correrá a cargo do Centro Autonómico de Formación e Innovación .

**Sexto. Ámbito xeográfico do programa.**

O ámbito xeográfico das tres actividades formativas do programa será a Comunidade de Galicia. Nas fases de observación e intercambio poderase contar coa colaboración doutras comunidades autónomas e de colaboradores en proxectos internacionais.

**Sétimo. Avaliación final do programa.**

Unha vez desenvolvidas as distintas actividades de formación e de observación que integran o programa, en cada unha das súas accións, a Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa coa colaboración do Centro Autonómico de Formación e Innovación, realizará unha avaliação final do programa, segundo os instrumentos de avaliação deseñados e elaborados por este último, na que se terán en conta os seguintes apartados:

- a) Avaliación da formación recibida: consecución de niveis competenciais, elaboración de contidos innovadores, nivel de aplicación á aula e nivel de satisfacción mediante cuestionarios específicos elaborados para ese efecto.
- b) Avaliación de impacto: nivel de aplicabilidade das competencias adquiridas no propio contexto educativo, nivel de diversidade competencial dos diferentes coñecementos e estratexias adquiridas no proceso.
- c) Avaliación de proceso: revisión dos diarios de aprendizaxe e intervencións nos espazos de intercambio.
- d) Avaliación do proxecto final realizado de forma conxunta entre os docentes do centro educativo participante.
- e) Avaliación da participación e colaboración no espazo virtual a través da valoración da participación e información achegada en PLATEGA.

**Oitavo. Certificación do programa.**



Segundo o establecido no artigo 37 da Orde de 14 de maio de 2013, pola que se regula a convocatoria, o recoñecemento, a certificación e o rexistro das actividade de formación permanente do profesorado, a Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa, recoñecerá a participación activa e satisfactoria no programa, como actividade de innovación educativa cunha equivalencia de 30 horas de formación.

*Noveno. Financiación do programa.*

O programa integrarase para todos os efectos no plan de actuación da Rede de Formación, que correrá coa xestión económica e administrativa do mesmo.

*Décimo. Solicitud e documentación necesaria.*

O formulario de inscrición que figura como Anexo II, así como o proxecto de traballo de acordo co Anexo I, deberán presentarse no Centro Autonómico de Formación e Innovación, mediante o envío ao correo [cafi@edu.xunta.es](mailto:cafi@edu.xunta.es) no prazo de dez días hábiles desde o día seguinte á publicación da presente resolución no portal educativo.

Así mesmo deberá quedar unha copia en papel da dita documentación debidamente asinada e selada a disposición da Administración e da Comunidade Educativa.

*Decimoprimeiro. Publicación.*

No prazo de 20 días hábiles a Consellería de Cultura Educación e Ordenación Universitaria publicará no portal educativo un listado cos centros seleccionados, centros suplentes e centros excluídos. Contra a dita resolución poderán efectuarse as alegacións que se estimen oportunas no prazo de 3 días hábiles mediante o seu envío ao correo [cafi@edu.xunta.es](mailto:cafi@edu.xunta.es). En caso de producirse baixas ou renuncias, o Centro Autonómico de Formación e Innovación porase en contacto cos centros suplentes.

*Decimosegundo. Datos de carácter persoal.*

De conformidade coa Lei orgánica 15/1999, do 13 de decembro, de protección de datos de carácter persoal, os datos persoais recollidos na tramitación desta disposición, cuxo tratamento e publicación autoricen as persoas interesadas mediante a presentación das solicitudes, serán incluídos nun ficheiro denominado «Avaliación do sistema educativo», cuxo obxecto é xestionar este procedemento, así como para informar as persoas interesadas sobre o seu desenvolvemento. O órgano responsable deste ficheiro é a Secretaría Xeral Técnica da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria.



Os dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición poderanxe exercer ante a Secretaría Xeral Técnica da consellería, mediante o envío dunha comunicación ao seguinte enderezo: Secretaría Xeral Técnica da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria, Edificio Administrativo de San Caetano, s/n, bloque II, 2º andar, 15781 Santiago de Compostela, ou a través dun correo electrónico a [sxoifp@xunta.gal](mailto:sxoifp@xunta.gal).

Santiago de Compostela, 22 de setembro de 2017



A circular stamp featuring the Xunta de Galicia logo at the top, followed by the text "CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA" around the perimeter, and "DIRECCIÓN XERAL DE INNOVACIÓN, FORMACIÓN PROFESIONAL E INVESTIGACIÓN" in the center.

Manuel Corredoira López

Director xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa



## Anexo I

### Proxecto de solicitude de participación no programa

#### I. Introducción:

1. O centro
2. O contexto na comunidade educativa

#### II. Xustificación

1. Liña escollida
2. Descripción da situación actual no centro con relación á liña escollida

#### III. Obxectivos competenciais

1. Obxectivos para a modalidade de equipos directivos
2. Obxectivos para a modalidade docente

#### IV. Avaliación

1. Proceso
2. Indicadores

#### V. Participantes

1. Equipos directivos
2. Docentes: especialidade e materia

#### VI. Experiencias, premios e participación en proxectos institucionais

**ANEXO II**

PROCEDIMENTO

**CONVOCATORIA PARA A PARTICIPACIÓN NO PROGRAMA OBSERVA\_ACCIÓN**

DOCUMENTO

**SOLICITUDE**

**DATOS DO CENTRO SOLICITANTE**

RAZÓN SOCIAL

CÓDIGO

NIF

TIPO	NOME DA VÍA		NÚM	BLOQ	PISO	PORTA
------	-------------	--	-----	------	------	-------

PARROQUIA	LUGAR	
-----------	-------	--

CÓDIGO POSTAL	PROVINCIA	CONCELLO	LOCALIDADE
---------------	-----------	----------	------------

TELÉFONO	TELÉFONO MÓBIL	CORREO ELECTRÓNICO
----------	----------------	--------------------

**E NA SÚA REPRESENTACIÓN** (deberá acreditarse a representación fidedigna por calquera medio válido en derecho)

NOME	PRIMEIRO APELIDO	SEGUNDO APELIDO	NIF
------	------------------	-----------------	-----

EN CALIDADE DE
----------------

**DIRECCIÓN PARA OS EFECTOS DE NOTIFICACIÓN** (non é necesario se coíncide coa anterior)

TIPO	NOME DA VÍA		NUM	BLOQ	PISO	PUERTA
------	-------------	--	-----	------	------	--------

PARROQUIA	LUGAR	
-----------	-------	--

CÓDIGO POSTAL	PROVINCIA	CONCELLO	LOCALIDADE
---------------	-----------	----------	------------

TELÉFONO	TELÉFONO MÓBIL	CORREO ELECTRÓNICO
----------	----------------	--------------------

**MEMBROS DO EQUIPO DIRECTIVO**

CARGO	
-------	--

NOME	
------	--

APELIDOS	
----------	--

NIF	
-----	--

CORREO ELECTRÓNICO	
--------------------	--



**ANEXO II**

## PARTICIPANTES

NOME	APELIDOS	NIF	CORREO ELECTRÓNICO

**LÍNA SOLICITADA** (marcar só unha):

- “Innova\_Acción”: Competencias, Formación e innovación e educador e guía, novas propostas didácticas, metodolóxicas e de avaliación.
  - “Comunica\_Acción”: A competencia comunicativa e plurilingüismo.
  - “Dixitaliza\_Acción”: Propostas didácticas, metodolóxicas e de avaliación sobre competencia dixital e STEM.

En cumprimento do disposto no artigo 5 da Lei Orgánica 15/1999, do 13 de decembro, de protección de datos de carácter persoal, informaselle de que vos datos persoais que facilite neste formulario quedarán rexistrados nun ficheiro de titularidade da Xunta de Galicia co obxecto de xestionar ou presente procedemento. A persoa interesada poderá exercer vos dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición ante a Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa, como responsable do ficheiro, solicitándoo mediante ou envio dun correo electrónico a [dxefpie@edu.xunta.es](mailto:dxefpie@edu.xunta.es).

## **LEXISLACIÓN APLICABLE**

Resolución do XX de XXXX de 2017, da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa, para que se establece con carácter experimental o programa de innovación educativa «OBSERVA\_ACIÓN» durante o curso escolar 2017-18

**FIRMA DA PESSOA SOLICITANTE OU REPRESENTANTE**

Lugar e data ..... , de de

galicia



### Anexo III

#### Contido e estrutura do programa

1. O programa, en cada unha das súas liñas de acción, implementarase a través de tres fases interrelacionadas e de desenvolvemento consecutivo de dous cursos académicos de duración:

a) Fase de formación e análise:

- Módulo 1: módulo formativo que constará dunha sesión presencial de recepción de participantes e información detallada sobre o procedemento e dunha fase de formación colaborativa en PLATEGA, na que se traballarán estratexias de:
  - Mentoría e acompañamento
  - Observación docente, reflexión e avaliación (diarios de aprendizaxe)
  - Comunicación e colaboración
  - Ferramentas de autoavaliación, coavalidación e observación.
- Módulo 2: módulo de traballo autónomo por parte dos centros no que deberán facer unha reflexión profunda e detallada sobre o bosquexado no proxecto de participación, e no que recollan datos sobre o proceso e resultados da autoavaliación nas competencias que pretenden desenvolver coa axuda deste programa. Nesta fase poderán intercambiar experiencias e impresións co resto dos centros seleccionados para o programa na comunidade autónoma de Galicia.

b) Fase de intercambio: A fase de intercambio levarase a cabo en tres niveis diferentes, dos cales o primeiro é requirido para participar en calquera dos seguintes niveis.

- Nivel 1: observación intracentros. Esta fase desenvolverase no primeiro trimestre do primeiro ano do programa. Todos os docentes participantes no programa observarán o desenvolvemento dun mínimo dunha sesión completa dalgúns compañeiros/as do seu centro e será observado por eles/elas ou por calquera outro/a que tamén participe.  
Esta fase está aberta a outros docentes do centro, aínda que non participen no programa e desexen fazer a práctica.



Esta fase está restrinxida á liña docente de participación, os responsables de equipos directivos non se incorporarán ata o nivel 2 desta fase.

- Nivel 2a: observación intercentros dentro da nosa Comunidade Autónoma e en cooperación con outras Comunidades Autónomas do Estado colaboradoras no programa e recibirán a estes participantes tamén nos seus propios centros educativos. Esta fase desenvolverase no segundo e terceiro trimestre do primeiro ano do programa. Faranse asociacións de centros que desenvolverán procesos de observación mutua considerando as necesidades analizadas na fase de formación. O equipo dun centro (director/a ou cargo directivo no que delegue e un máximo de cinco profesores) desprazarase ao centro asociado e cada un dos membros acompañará ao seus homólogos ao longo dunha xornada lectiva completa. Este proceso realizarase posteriormente á inversa.
- Nivel 2b: observación intercentros internacional. Esta fase desenvolverase no segundo ano do programa. Ao igual que na fase 2a docentes e representantes de equipos directivos desprazaránse ate as sedes dos centros anfitrións dentro do ámbito xeográfico internacional europeo dos países colaboradores e recibirán a estes participantes tamén nos seus propios centros educativos. Os desprazamentos no ámbito xeográfico internacional limitaranse en función da dispoñibilidade orzamentaria a un número de centros educativos a determinar que serán escollidos en función do seu desempeño nas fases iniciais do programa.

Para o desenvolvemento exitoso desta fase, o curso en PLATEGA seguirá aberto como espazo de intercambio e colaboración permanente entre os centros participantes. Nel a participación será dinamizada por unha asesor/a responsable do programa e fomentarase o tecido dunha rede permanente de cooperación entre os centros participantes e os seus profesionais.

c) Fase de coavalización e avaliación final: A fase final recollerá de novo dous módulos interdependentes e consecutivos que suporán un proxecto final do proceso desenvolvido.

- Módulo 1: reflexión entre pares e autoavalía final
- Módulo 2: proxecto de adaptación e reflexión para a innovación e a mellora da propia práctica docente